

## **NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

**(Aprobada no Consello de Goberno do 23 de novembro de 2016)**

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades establece no seu artigo 46.2.b) o dereito do estudiantado «á igualdade de oportunidades e non discriminación por razóns de sexo, raza, relixión ou discapacidade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social no acceso á universidade, o ingreso nos centros, permanencia na universidade e o exercicio dos seus dereitos académicos».

Así mesmo, a disposición adicional 24ª desta lei fai mención especial á inclusión das persoas con discapacidade nas universidades, con base no principio de igualdade de oportunidades, que debe manifestarse na promoción de accións para favorecer que todos os membros da comunidade universitaria que presenten necesidades especiais ou particulares asociadas á discapacidade dispoñan dos medios, apoios e recursos que aseguren a súa igualdade real e efectiva de oportunidades en relación cos demais compoñentes da comunidade universitaria, na garantía da accesibilidade destas persoas ás instalacións e dependencias.

O Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, que aproba o Estatuto do estudante universitario regula o principio de non discriminación por razón de discapacidade e o dereito do estudiantado á igualdade de oportunidades no acceso á universidade, o ingreso nos centros, a permanencia na universidade e o exercicio dos seus dereitos académicos, para o que prevé o establecemento dos recursos e as adaptacións necesarias para que o estudiantado con discapacidade poida exercer os seus dereitos en igualdade de condicións, sen que isto supoña diminución do nivel académico esixido.

O Estatuto do estudiantado da Universidade da Coruña, pola súa banda, reproduce con exactitude o principio de non discriminación por razón de discapacidade establecido no Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, e promove a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas habilitando as súas instalacións para todo o alumnado.

Deste xeito, a Universidade da Coruña, establecerá as medidas de acción positiva a favor do alumnado con necesidades educativas especiais a través dun programa específico de bolsas e axudas e adoptará as accións necesarias para conseguir a plena inclusión do estudiantado con diversidade funcional nas diferentes titulacións e programas que ofrezca. Este último obxectivo fíxase no artigo 21.1 do Estatuto do estudiantado a través da Oficina de Atención á Diversidade.

A Unidade Universitaria de Atención á Diversidade da Universidade da Coruña foi creada en febreiro de 2004 co obxectivo de atender os membros da comunidade universitaria (alumnado, profesorado e persoal de administración e servizo) que, por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimentan dificultades ou barreiras externas no acceso igualitario á vida universitaria.

Coa finalidade de dar resposta ás súas necesidades e favorecer a súa integración procédese á redacción desta normativa.

## Capítulo I. Disposicións xerais

### Artigo 1. Obxecto

Esta normativa ten como obxecto regular as accións que a Universidade da Coruña (en adiante UDC) a través da Unidade Universitaria de Atención á Diversidade (ADI) exercita para que o alumnado da universidade con necesidades especiais poida acceder á vida universitaria en condicións de igualdade de oportunidades.

### Artigo 2. Ámbito de aplicación

Esta normativa será de aplicación ao alumnado con necesidades físicas, comunicativas, educativas, sociais e laborais especiais ou necesidades minorizadas polas tendencias maioritarias da sociedade. Estas necesidades poden proceder dunha discapacidade ou dunha vulnerabilidade particular asociada a dificultades de aprendizaxe.

## Capítulo II. Dereitos do alumando con diversidade funcional

### Artigo 3. Dereitos

1. O alumnado con diversidade funcional, terá dereito a que a UDC elabore un informe das súas necesidades tomando como base os documentos e ditames oficiais que achegue coa súa solicitude, co fin de poder establecer as adaptacións curriculares e de apoio que precisen.  
Das adaptacións que se establezan neste informe, deberá trasladarse información ao profesorado responsable, que contará co asesoramento técnico adecuado para poder levalas a cabo. A comunicación entre a Unidade de Atención á Diversidade e o profesorado realizarase a través do/a titor/a asignado en materia de diversidade dentro do PAT de cada centro.

2. O alumnado con diversidade funcional, cando así o estableza o informe recollido no apartado 1, terá prioridade para a elección de grupo e quenda, así como para solicitar os cambios precisos ao comezo das actividades lectivas.

3. Co fin de acreditar o nivel B-1 de coñecemento dunha lingua estranxeira, o estudantado con diversidade funcional deberá contar coas adaptacións e exencións que precise. Para establecer as adaptacións e exencións, estudarase cada caso individualmente atendendo a dous criterios:

- Manter as adaptación realizadas na educación secundaria.
- Ou en ausencia do anterior, a Unidade de Atención a Diversidade en coordinación co equipo directivo de cada centro, estudará a aplicación dunha ou varias das seguintes medidas:

- a) Adaptación dos tempos na execución das probas de avaliación.
- b) Elaboración de modelos de exame alternativos.
- c) Posta a disposición do alumnado dos medios materiais e humanos, asistencias e apoios, así como das axudas técnicas, que precise para a realización das probas de avaliación.
- d) Exención total ou parcial dunha ou varias das destrezas de obrigado cumprimento á hora de acreditar o nivel B-1 de coñecemento dunha lingua estranxeira. Esta adaptación non prodecerá en titulacións en que o descoñecemento desas destrezas impida a consecución das competencias imprescindibles para obter a titulación.

### Capítulo III. Unidade Universitaria de Atención á Diversidade

#### Artigo 4. Creación

A Unidade Universitaria de Atención á Diversidade ten por obxectivo promover e garantir os dereitos dos membros da UDC con discapacidade ou outras necesidades educativas específicas.

#### Artigo 5. Funcións

O labor da ADI céntrase nas seguintes funcións:

- a) Velar polos dereitos do alumnado e o persoal con diversidade funcional física, comunicativa, educativa, social e laboral ou necesidades minorizadas polas tendencias maioritarias da sociedade.
- b) Facilitar o acceso á UDC do alumnado con discapacidade e/ou necesidades educativas específicas, así como optimizar a posterior integración na vida universitaria para potenciar a súa participación en igualdade de condicións a todas as persoas.
- c) Favorecer non só a integración, senón tamén a autonomía dos membros da comunidade universitaria con diversidade. Isto implica emprender un amplo conxunto de actuacións para fomentar, de maneira simultánea, a cooperación e a máxima autonomía persoal posible na toma de decisións, nos desprazamentos, na adquisición de información e no desenvolvemento dos coñecementos. Así mesmo, implica colaborar na promoción da vida independente das persoas con diversidade.
- d) Difundir información entre todos os sectores da comunidade universitaria sobre a situación das persoas con diversidade, para sensibilizar e fortalecer valores, actitudes e comportamentos non discriminatorios.
- e) Asesorar nas posibles adaptacións pedagóxicas, arquitectónicas e comunicativas necesarias para afianzar a igualdade de oportunidades nos procesos de adquisición e desenvolvemento dos coñecementos e nas tarefas dentro da UDC.

- f) Axilizar o proceso de eliminación progresiva das barreiras arquitectónicas e comunicativas existentes en todos os campus e instalacións da UDC.
- g) Dinamizar as vías e redes de comunicación en todos os ámbitos, tanto no sistema universitario como fóra del. A comunicación fluída e aberta favorece a mellora continuada na detección de necesidades e a prestación de servizos.
- h) Formar en temas relacionados coa diversidade e a inclusión social.

## Capítulo IV. Servizos de apoio ao alumnado da Universidade da Coruña

### Artigo 6. Solicitud

1. O alumnado da UDC que desexe solicitar algún servizo ou adaptación debe facelo en prazo e da forma correcta, dentro das datas establecidas e no horario indicado.
2. A solicitude de adaptacións e servizos da Unidade de Atención á Diversidade implica o consentimento para o uso da información que se achega con ela así como facer os trámites necesarios para garantir que estas adaptacións se cumpran do mellor xeito posible, isto inclúe transmitir a información necesaria dos casos ao profesorado que precisa aplicar as adaptacións.
3. Na solicitude das adaptacións deberá presentar a seguinte documentación:
  - a) Formulario de solicitude de servizos.
  - b) Fotocopia do DNI.
  - c) Fotocopia do documento oficial en que se recolle o tipo e grao de discapacidade da persoa (Os estudantes con dislexia, TDAH ou dificultades de aprendizaxe que non teñan asociado un recoñecemento do grao de discapacidade, deben achegar todos os informes médicos que teñan para poder valorar as adaptacións).
  - d) Fotocopia da matrícula para o curso correspondente.
  - e) Fotocopia dos horarios das materias en que se vai matricular (No caso de non telos no período de solicitude, poderán achegarse con posterioridade).
  - f) Fotocopia da declaración da renda do último ano de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas (só no caso de servizos de transporte adaptado, asistencia persoal e/ou intérprete de lingua de signos).
4. Para ser beneficiario/a do servizo de transporte adaptado, asistencia persoal e/ou intérprete de lingua de signos será necesario non estar en posesión ou non reunir os requisitos legais para a obtención dun título do mesmo ou superior nivel ao correspondente ao dos estudos para os que se solicita o servizo.
5. Os criterios de concesión dos servizos de transporte adaptado e/ou asistencia persoal serán os resultantes de avaliar o tipo e o alcance da discapacidade acreditada, o grao de interferencia desta no adecuado desempeño das actividades académicas, a situación económica do/a estudante e o seu expediente académico.

6. A UDC prestará os servizos de transporte adaptado e asistencia persoal na medida en que a súa dotación orzamentaria o permita.

### **Artigo 7. Deberes das persoas usuarias**

1. Os usuarios dos servizos deben facer un uso responsable dos recursos que se poñen á súa disposición, polo que se comprometerán a avisar naqueles casos en que non se vaian empregar (transporte adaptado, asistencia persoal e/ou intérprete de lingua de signos) e a devolver os aparellos en empréstito ao final do curso académico nas mesmas condicións en que foron recollidos ao inicio.

2. Os usuarios dos servizos deben informar de calquera contratempo ou dificultade que teñan no uso dos servizos de transporte adaptado, asistencia persoal e/ou intérprete de lingua de signos, de xeito que a ADI poida garantir que se manteña a calidade dos servizos na medida do posible.

### **Artigo 8. Período e ámbito de prestación dos servizos**

Os servizos de transporte adaptado, asistencia persoal e intérprete de lingua de signos prestaranse de xeito regular entre setembro e maio, e de xeito excepcional, nos meses de xaneiro, xuño e xullo para a realización de exames.

Estes servizos só se ofrecen para a asistencia ás clases presenciais e as probas de avaliación daquelas materias en que o/a alumno/a estea matriculado/a oficialmente.

### **Artigo 9. Axudas económicas**

A Unidade Universitaria de Atención á Diversidade colaborará na difusión da información acerca deste tipo de axudas, que fará chegar a través do correo electrónico e/ou por outras vías ao alumnado que forma parte das súas bases de datos e que está en disposición de acceder a elas.

### **Artigo 10. Préstamo de dispositivos**

O alumnado poderá solicitar dispositivos adaptados (ratos, netbook, gravadoras...) e software accesible, que lle serán emprestados segundo a dispoñibilidade destes dispositivos na unidade nese momento.

### **Artigo 11. Transporte adaptado**

O alumnado con mobilidade reducida e dificultades para desprazarse do domicilio ao centro de estudo pode solicitar o servizo de transporte adaptado. Este é un servizo custeado pola UDC e só se concederá para un raio máximo de 25 km entre o domicilio e o centro de estudo.

Para solicitar este servizo, é preciso facelo constar na solicitude de servizos e achegar a documentación que se solicita no prazo indicado.

### **Artigo 12. Asistencia persoal**

Para o alumnado con diversidade funcional que precise unha persoa de apoio, ofrécese un servizo de asistencia persoal durante o ano académico nos períodos de asistencia ás clases presenciais das materias en que está oficialmente matriculado.

Para solicitar este servizo, é preciso facelo constar na solicitude de servizos e achegar a documentación que se solicita no prazo indicado.

### **Artigo 13. Intérprete de lingua de signos**

O alumnado que precise de intérprete de lingua de signos, terá este servizo para a asistencia ás clases presenciais das materias en que está oficialmente matriculado.

Para solicitar este servizo, é preciso facelo constar na solicitude de servizos e achegar a documentación que se solicita no prazo indicado.

## **Capítulo V. Servizos de apoio ao profesorado**

### **Artigo 14. Servizos Xerais**

A Unidade Universitaria de Atención á Diversidade prestará os seguintes servizos ao profesorado:

- a) Asesoramento sobre adaptacións e outros temas relacionados coa diversidade do alumnado: adaptación de exames, material, accesos, sóftware.
- b) Información xeral sobre diversidade.
- c) Préstamo de dispositivos (gravadora, netbook, ratos adaptados...) e sóftware accesible, segundo a súa dispoñibilidade no momento da solicitude.

### **Artigo 15. Adaptación de material**

O profesorado pode solicitar asesoramento para a adaptación de materiais a través do documento correspondente. Deberá facelo con antelación suficiente para poder xestionar as adaptacións e a súa aplicación.

## **Capítulo VI. Aula de Formación en Diversidade**

### **Artigo 16. Creación**

A Aula de Formación en Diversidade nace co obxectivo de dar cabida a aquelas actividades formativas relacionadas co mundo da diversidade que sirvan para garantir que na UDC se seguen os principios de igualdade de oportunidades e deseño para todos, ademais de realizar unha tarefa de sensibilización e achegamento da comunidade universitaria a estes temas.

### **Artigo 17. Obxectivo**

O obxectivo principal desta aula será facilitar o desenvolvemento de competencias e o uso de recursos que fagan da UDC unha universidade de referencia no que se refire á normalización da diversidade como unha parte máis do entorno universitario.

### **Artigo 18. Beneficiarios/as**

As actividades formativas propostas irán destinadas a diferentes colectivos, tanto dentro como fóra da universidade e terán forma de conferencias, seminarios, xornadas e/ou cursos de formación, dependendo das necesidades e das características das propias actividades formativas.

Os criterios de admisión e finalización, así como a información xeral sobre datas, horarios e contidos, serán facilitados en cada actividade formativa. Aquelas persoas que realicen calquera actividade satisfactoriamente recibirán unha acreditación.

#### **Disposición adicional primeira. Referencia de xénero**

Todos os termos contidos nesta normativa, en que se emprega a forma masculina, entenderanse aplicables ás persoas de ambos os sexos.

#### **Disposición adicional segunda. Protección de datos**

A Unidade Universitaria de Atención á Diversidade dependente da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, adoptará as medidas necesarias para garantir que os datos de carácter persoal a que teña acceso, se empreguen para as finalidades e funcións de dereito público que ten encomendadas, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

#### **Disposición Final**

Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no taboleiro electrónico oficial (TEO) da UDC, segundo o previsto na disposición adicional segunda da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia.